



“As miñas medallas, máis ou menos, poden lembralas: creo que van polas cento vinte e algo, das que ouro deben ser sesenta e pico”.
Entrevistamos a Gaspar Andrade Budiño

O nadador Gaspar Andrade Budiño, do C. N. Arzúa e bolseiro do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD), regresou de Francia dunha convocatoria co equipo nacional absoluto masculino de Augas Abertas e xa partiu este sábado rumbo a Lanzarote, a unha nova concentración desta mesma modalidade. Este arzuán de tan só 19 anos non deixa de acumular méritos en natación, onde o ano pasado se proclamou campión absoluto de España nos 10 quilómetros en augas abertas, ademais de obter un bronce na proba de 5 quilómetros. Falamos con el para que coñezades un pouco máis desta xoia que leva o acento galego ao máis alto da natación:

Consegues lembrar todos os teus méritos? De cantas medallas, marcas ou competicións podemos falar aproximadamente?

As medallas poden lembralas máis ou menos, competicións xa non. En total na miña carreira creo que van polas cento vinte e algo, das que ouro deben ser sesenta e pico. Medallas de España teño once agora mesmo, das cales tres son absolutas: un ouro e dous bronce.

A que idade comezas a competir?

Empecei a nadar cando tiña 5 ou 6 anos, e a competir sobre os 7 anos.

Cal é a modalidade na que te sentes máis cómodo?

Augas abertas.

Era este o teu obxectivo cando comezaches a facer deporte ou non tiñas moi claro por onde tirar?

Para nada, non sabía nin que existían as augas abertas. De pequeno ía nadar simplemente por facer deporte; fun indo ben, metíame no CGTD e ó cabo dun ano ou dous deime conta que existía.

Como fas para compaxinar estudos e deporte?

No centro leveino moi ben, paseino mal o último curso por ir ás concentracións pero o bacharelato acabeino perfectamente. Agora estou na carreira e vou pouco a pouco, non fago todas as materias pero levo 3 por ano, máis ou menos; intentei o ano pasado meterme nun ciclo superior pero non puido ser, aí si que era máis difícil compaxinar horarios

coas concentracións.

Cantas concentracións hai o largo do ano?

Pois depende da categoría, nas inferiores tres ou catro pero cando empezas a ser maior aumentan; este ano, por exemplo, tiven 5 ou 6.

Cando foi a primeira vez que fuches convocado coa selección española? Como a lembras?

Fai 4 anos xa. Foi a primeira vez que fora a un Campionato de España de largo alcance e foi cando empecei co das Augas Abertas a nivel nacional. Realmente non mo esperaba para nada, non sabía nin que había mínima de augas abertas, nin criterios de selección, nin nada. Eu simplemente estaba *flipando* cando mo dixeron.

Como son as concentracións?

Bastante duras, os dous primeiros anos leveino bastante mal. Agora lévoos bastante mellor.

Cales son os teus obxectivos? A onde che gustaría chegar?

O ano pasado clasifícame para o Europeo de categoría e este ano gustaríame clasificarme para os Europeos absolutos, cuxo selectivo para este campionato será no Open de Francia a principios de xullo; tamén me gustaría intentalo nos seguintes Mundiais ou Olimpíadas, pero vexo moi difícil iso.

Tes algún idolo ou referente?

Ferry Weertman, Jordan Wilimovsky...os que son máis poderosos agora a nivel mundial en augas abertas.